

# GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS ISSGA

## PREVENCIÓN DE TRASTORNOS MUSCULOESQUELÉTICOS NAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO VACÚN (PRODUCIÓN DE LEITE E CARNE)


RuralEs
Programa de Desarrollo Rural Sostenible

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

GALICIA investe no RURAL

XUNTA DE GALICIA

Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral

Autor: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

Coordinación: Técnicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
Nieves Lorenzo Espeso
José Rega Piñeiro

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
Casa da Parra - Praza da Quintana, s/n
Santiago de Compostela
issga.xunta.es

Santiago de Compostela, novembro 2015

Impresión: Pigocia S.L.

Depósito Legal: C 2392-2015

© ISSGA. Xunta de Galicia.
**Guía de boas prácticas para a prevención de TME nas explotacións de gando vacún (produción de leite e carne)**

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
http://issga/portal/contido/documentacion/publicacions/

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES



# GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS ISSGA

## PREVENCIÓN DE TRASTORNOS MUSCULOESQUELÉTICOS NAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO VACÚN (PRODUCIÓN DE LEITE E CARNE)

# Índice

Presentación ........ 6

Perspectiva do sector ........ 8

- O sector de gando vacún (produción de leite e carne) ........ 9
- Riscos no sector ........ 14
- Efectos sobre a saúde ........ 18

Boas prácticas ........ 20

- 10 Consellos útiles ........ 21
- Tarefas con risco de TME (factores e niveis de risco) ........ 22
- Táboa de niveis de risco de TME ........ 41

Exercicios de quecemento ........ 42

Exercicios de acondicionamento ........ 46

Cóidate, non esquezas ........ 50

# Presentación

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) desenvolveu un exhaustivo estudo das actividades profesionais realizadas polos traballadores das explotacións de gando vacún (produción de leite e carne). Precisamente a eles se dirixe esta guía de boas prácticas co obxectivo de dar resposta á problemática de saúde laboral nun sector caracterizado por presentar unha elevada carga física pola exposición a múltiples factores de risco ergonómico e, que están a xerar trastornos musculoesqueleticos (TME) nos traballadores deste sector.

Esta guía, que pretende divulgar dun xeito sinxelo as medidas básicas para a prevención de TME entre os traballadores, é resultado do estudo biomecánico de todas as tarefas realizadas polos traballadores ao longo das distintas épocas do ano.

Non quero deixar de destacar o noso recoñecemento a todas as persoas que colaboraron e fixeron posible esta guía de boas prácticas, e moi especialmente a todos os traballadores deste colectivo, que son os seus protagonistas e destinatarios.

De xeito singular agradecemos a colaboración de Campodeza (cooperativa gandeira de Lalín) pola súa inestimable axuda no desenvolvemento desta guía.

Adela Quinzá-Torroja García
**Directora do ISSGA**

# Perspectiva do sector



# O sector agroforestal

O sector agroforestal desempeña un papel estratéxico en Galicia polo seu peso económico e social. Nas últimas décadas sufriu unha profunda transformación, debido á profesionalización e a especialización do sector, ademais da diminución do número de explotacións e do aumento das súas dimensións. O número total de persoas afiliadas á Segurudade Social en Galicia na actividade de agricultura, gandería e silvicultura é 44.427, 38.718 das cales son de agricultura e gandería e 5.709 de silvicultura e explotación forestal:

**Afiliados á Seguridade Social** 44,427

**agricultura y gandería** 38,718

**silvicultura** 5,709



| | |
|---|---|
| **A Coruña** | 34,9% |
| **Lugo** | 35,6% |
| **Pontevedra** | 17,5% |
| **Orense** | 12,1% |

*FONTE: datos do IGE de setembro do 2015*

# O sector de gando vacún

O sector de gando vacún (considerando conxuntamente as explotacións de produción de leite e carne) é un dos principais sectores de actividade da industria agroalimentaria en España e Galicia.



Actualmente, a situación socioeconómica, o marco de globalización e a marcada volatilidade das materias primas están a provocar importantes modificacións no sector, e este período de axustes estase a traducir en cambios nos censos e no número e características das explotacións.

De feito, as explotacións de produción de carne e de leite están a experimentar paulatinamente un profundo proceso de adaptación, adheríndose ás novas tecnoloxías e melloras estruturais e produtivas. Esta adaptación é un proceso de evolución continua que proseguirá nos próximos anos (máxime coas perspectivas da nova política agraria común), é resulta fundamental para a competitividade dun sector estratéxico dentro da economía da nosa comunidade autónoma. Ademais, esta actualización tecnolóxica está a mellorar as condicións de traballo do colectivo de gandeiros, reducindo os niveis de risco e incrementando a seguridade laboral dos traballadores.

# As explotacións de produción de carne e de leite de vacún

A continuación preséntanse datos de explotacións de produción de carne e de leite de vacún, segundo datos do Instituto Galego de Estatística en 2013:

Estrutura por tamaño de explotación:

| | GALICIA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 a 9 | 10 a 19 | 20 a 29 | 30 a 49 | 50 a 99 | 100 a 199 | > 199 | TOTAL |
| **Número de explotacións** | 18.545 | 6.633 | 3.684 | 3.212 | 1.634 | 293 | 67 | 34.068 |
| **Número de vacas** | 69.219 | 93.400 | 88.503 | 120.485 | 107.785 | 38.251 | 17.325 | 534.968 |
| **Vacas por explotación** | 3,73 | 14,08 | 24,02 | 37,51 | 65,96 | 130,55 | 258,58 | 16 |

Distribución dos efectivos gandeiros por aptitude produtiva e tamaño de explotación:

| Orientación produtiva | GALICIA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 a 9 | 10 a 19 | 20 a 29 | 30 a 49 | 50 a 99 | 100 a 199 | > 199 | TOTAL |
| **Nº de vacas de leite** | 13.840 | 37.900 | 50.981 | 84.576 | 87.874 | 34.186 | 15.369 | 324.726 |
| **% do estrato total** | 4,26 | 11,67 | 15,70 | 26,05 | 27,06 | 10,53 | 4,73 | 100 |
| **Nº de vacas de carne** | 70.030 | 56.433 | 34.093 | 28.727 | 15.901 | 3.130 | 1.928 | 210.242 |
| **% do estrato total** | 33,31 | 26,84 | 16,22 | 13,66 | 7,56 | 1,49 | 0,92 | 100 |

Estrutura e composición dos efectivos de bovino:

| | Explotacións con vacas | Vacas de leite | Vacas de carne | Total vacas | Vacas por explotación |
|---|---|---|---|---|---|
| **A CORUÑA** | 13007 | 136991 | 57378 | 194369 | 14,9 |
| **LUGO** | 14168 | 146135 | 113068 | 259203 | 18,3 |
| **PONTEVEDRA** | 4949 | 38823 | 17851 | 56674 | 11,5 |
| **OURENSE** | 1944 | 2777 | 21945 | 24722 | 12,7 |
| **GALICIA** | | 324.726 | 210.242 | 534.968 | 57,4 |

**Número de bovinos de produción de leite en Galicia**




**Número de bovinos de produción de carne en Galicia**



Galicia é a primeira comunidade de España en produción de leite e a terceira en produción de carne de vacún, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) en 2013:

| CCAA | Miles de litros |
|---|---|
| Andalucía | 485.204 |
| Aragón | 123.411 |
| Asturias, Principado de | 528.736 |
| Baleares, Illas | 65.409 |
| Canarias, Illas | 35.241 |
| Cantabria | 399.820 |
| Castela e León | 790.365 |
| Castela-A Mancha | 206.119 |
| Cataluña | 645.439 |
| Comunidade Valenciana | 61.806 |
| Estremadura | 27.373 |
| Galicia | 2.509.573 |
| Madrid, Comunidade de | 60.413 |
| Murcia, Rexión de | 49.132 |
| Navarra, Comunidade Foral de | 194.382 |
| País Vasco | 168.484 |
| Rioxa, A | 17.224 |

| CCAA | Animais sacrificados |
|---|---|
| Andalucía | 91.090 |
| Aragón | 113.577 |
| Asturias, Principado de | 78.562 |
| Baleares, Illas | 10.423 |
| Canarias, Illas | 8.432 |
| Cantabria | 34.848 |
| Castela e León | 419.173 |
| Castela-A Mancha | 160.143 |
| Cataluña | 483.238 |
| Comunidade Valenciana | 129.926 |
| Estremadura | 80.298 |
| Galicia | 378.954 |
| Madrid, Comunidade de | 82.032 |
| Murcia, Rexión de | 62.277 |
| Navarra, Comunidade Foral de | 25.860 |
| País Vasco | 49.458 |
| Rioxa, A | 13.712 |

## [1] Riscos de seguridade

- **Atrapamentos** en mecanismos, engranaxes, puntos de arrastre, etc., ou por caída de sacos e outros materiais mal amoreados.
- **Cortes e amputacións** coas aristas dos útiles de corte e cizallamento das máquinas.
- **Golpes e esmagamentos** nos procesos de enganche e desenganche da maquinaria ao tractor, e no manexo do gando vacún.
- **Queimaduras**, por proxección de fluídos quentes a presión.
- **Riscos derivados da condución do tractor**, tales como o envorcado do tractor debido á irregularidade do terreo, falta de preparación dos conductores, manobras de risco, falta de atención, fallo dos freos, etc. Accidentes co tractor, ao circular por estradas, etc.
- **Caídas ao mesmo nivel** debidas aos chans irregulares e esvaradíos.
- **Caídas ao distinto nivel** durante a realización de traballos en altura (en ocasións empregando escadas e/ou escaleiras sen varandas nin proteccións axeitadas).
- **Risco de electrocución** nas instalacións de automatización das explotacións.

- **Asfixia** ao realizar tarefas de mantenemento nos silos.
- **Explosións ou incendios** do tractor.
- **Couces, golpes coa testa** e outros movementos reflexos que realizan os animais cando son manipulados para as inxeccións, toma de mostras, etc, e non están axeitadamente suxeitos.
- **Pisadas e esmagamentos** contra as paredes, principalmente durante as tarefas de alimentación e limpeza e en instalacións sobrecargadas ou anticuadas, sen separacións individuais.
- **Acometidas e cornadas** de vacas e touros en época de celo.



## [2] Riscos de hixiene e do medio de traballo

- Ruído intenso e repetitivo que pode xerar **xordeira profesional**. O ruído se produce principalmente polo funcionamento dos motores de explosión dos tractores, e pode superar os 85 dB(A).
- Exposición a condicións climáticas adversas con resultado de **insolación, deshidratación, golpes de calor, cambres e queimaduras solares ou hipotermia** debidas ao traballo ao aire libre.
- Presenza de animais como serpes, arañas, etc. que poden ocasionar **mordeduras e picaduras, reaccións alérxicas, etc.**
- Contacto con animais e os seus produtos (placentas, excrementos, abortos, etc.) que poden ocasionar **zoonose**.
- Exposición a axentes químicos peligrosos (tóxicos, cáusticos, sensibilizantes, irritantes, carcinoxénicos, etc.) con resultado de **intoxicacións, queimaduras, irritacións, reaccións alérxicas, asma, dermatite, cancro, etc.**

Prestar especial atención a estes riscos no caso de embarazo ou lactancia.

## [3] Riscos ergonómicos

- **Manipulación de cargas**, en ocasións de tamaños elevados e con pesos excesivos, e xeralmente sobre terreos irregularares e esvaradíos.
- **Sobreesforzos** en lombo e membros superiores durante os procesos de manexo do gando para a súa condución do campo ás instalacións e viceversa.
- **Accidente por sobreesforzo** nas tarefas de acoplamento e desacoplamento dos apeiros no tractor.
- **Posturas mantidas no tempo**, en lombo e pescozo mentres se conduce o tractor e resulta preciso mirar cara atrás (este factor vese ademais agravado polas vibracións e os golpes aos que se ve sometido o conductor dentro da cabina).
- **Posturas forzadas**, en lombo, ombro, cóbado e man-pulso en tarefas de manipulación de cargas, útiles e ferramentas dentro das instalacións de produción de  leite e de carne.
- **Movementos repetitivos**, en membros superiores nas tarefas de facer a cama, muxir e alimentar o gando principalmente.
- **Traballo estacional con horarios excesivos e ritmos elevados** de traballo en determinadas épocas do ano (durante o abonado, segado, enfilado, recollida e ensilado por exemplo).
- **Traballo continuado**, con falta de descansos para estirar e recuperar o corpo da carga física á que se ve sometido durante a xornada.
- **Traballo monótono.**

# Efectos sobre a saude

Os riscos e condicións de traballo anteriormente descritos provocan certos efectos sobre a saúde dos traballadores do sector, tales como:

- Doenzas respiratorias (irritativas ou alérxicas)
- Doenzas cutáneas (irritativas, alérxicas ou por exposición solar)
- Doenzas infecciosas e parasitarias
- Intoxicacións agudas e crónicas ou outros efectos tóxicos
- Cancro laboral
- Xordeira
- Estrés e cadros ansionso-depresivos
- Doenzas musculoesqueléticas

Estas últimas (as doenzas musculoesqueléticas) supoñen aproximadamente un 78% das enfermidades profesionais no sector agrario e un 39% dos accidentes laborais, por sobreesforzo.

(Datos correspondentes ao código cnae 01 agricultura, gandería, caza e servizos relacionados coas mismas, do ano 2011, facilitados pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)





Dentro das enfermidades provocadas por trastornos musculoesqueléticos destacan principalmente as enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo; enfermidades por fatiga e inflamación das vainas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas *(grupo 2 axente D da listaxe de enfermidades profesionais),* co maior número de enfermidades declaradas tanto nas mulleres como nos homes.

Considerando por separado ambos xéneros, obsérvase que nas **mulleres** as enfermidades profesionais máis frecuentes son:

- Síndrome do túnel carpiano por compresión do nervio mediano no pulso *(código 2F0201 da listaxe de enfermidades profesionais)* é a enfermidade máis comunicada para as mulleres con 48 casos, 36 deles con baixa, provocada por posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo.

- Tendinite do abdutor longo e extensor curto do pulgar (T. De Quervain), pulso e man *(código 2D0301 da listaxe de enfermidades profesionais)* , é a segunda enfermidade máis comunicada para as mulleres con 37 casos, 33 deles con baixa.

Nos **homes**, a enfermidade profesional máis común é:

- Epicondilite e epitrocleite en cóbado e antebrazo *(código 2D0201 da listaxe de enfermidades profesionais),* con 43 casos, 30 deles con baixa.

(Datos da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

# Boas prácticas



# 10 consellos útiles

1. Realizar exercicios de quecemento e estiramento de pescozo, ombro, brazos, pernas e lombo, antes do inicio da xornada en calquera época do ano.

2. Realizar pausas no traballo cada 2 horas, e facer estiramentos da musculatura do pescozo, os ombros, os brazos, as pernas e o lombo, para evitar sobrecargas sempre que sexa posible.

3. Empregar roupa axeitada para protexerse do sol e a calor no verán, e para preservar a temperatura corporal e evitar contracturas no inverno (cando se traballa con frío e con exposición á choiva).

4. Dispor de ferramentas lixeiras e con empuñadura ergonómica cando sexa posible, a fin de reducir os niveis de esforzo e adaptalos as características da persoa que os manipula.

5. Empregar asentos con sistemas de amortecemento nos tractores para atenuar os impactos e vibracións sobre a zona lumbar.

6. Nas tarefas realizadas con ferramentas, manter o lombo recto, cas pernas flexionadas (para trasladarlles a carga) e os pes separados (para obter un maior equilibrio e seguridade).

7. Nas tarefas de manipulación de cargas con ferramentas realizar movementos suaves, e procurar recoller pouca carga (sempre é mellor facer o dobre de repeticións coa metade de carga).

8. Realizar o manexo de ferramentas coas dúas mans, empregando luvas ben axustadas, mantendo os pulsos rectos, e agarrando totalmente o mango (superpoñendo os dedos polgar e índice).

9. Alternar o traballo de condución do tractor con outras tarefas ao longo da xornada.

10. En todo caso, ao longo da xornada, tentar espaciar o máximo posible no tempo as tarefas que presentan un maior risco de TME.

# Tarefas con risco de TME (factores e niveis de risco)

## EXPLOTACIÓN DE LEITE

- Muxir o gando (a man)
- Facer a cama
    - Pasar unha pá para retirar as bostas
    - Sacudir a malla para quitar as bostas secas
    - Acomodar e pasar o angazo por debaixo da malla
- Alimentar
    - Retirar o sobrante do comedeiro
    - Descompactar o silo
    - Repartir o silo/silo de herba/herba coa galleta

## EXPLOTACIÓN DE CARNE

- Facer a cama
    - Retirar o esterco
    - Padexar o esterco
    - Carrexar o estrume á corte
    - Padexar o estrume
    - Acomodar o estrume
- Alimentar
    - Desfacer a paca de herba
    - Carrexar a herba ó comedeiro
    - Limpar ó redor e debaixo dos comedeiros
    - Repartir herba no comedeiro

## TRABALLO DE CAMPO (con tractor e apeiros)

- Conducir o tractor mirando cara adiante
- Conducir o tractor mirando cara atrás



A continuación móstrase unha análise de tarefas baseado no estudo de parámetros biomecánicos, excluíndo outros factores ergonómicos de risco (risco percibido, limitación de espazo, etc.) que exceden o alcance desta guía.

## Factores biomecánicos de risco

- Repetitividade - En ombro, cóbado e pulso con frecuencias de 1 movemento cada 1,5 segundos
- Posturas forzadas - De pescozo, con flexo-extensión e flexión lateral combinadas con elevación de ombro (90°)
  - De ombro, con abdución, e flexión de ata 90°
  - De man-pulso, con extensión, desviación cubital e empuñadura
  - De lombo, con flexión e flexión lateral
- Posturas estáticas - Con flexión de pescozo e lombo en ciclos de ata 150 segundos

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 52% |
| Ombro | 43% |
| Cóbado | 22% |
| Man-Pulso | 30% |
| Lombo | 37% |



## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade**
  - En pescozo, ombro, cóbado e man-pulso con frecuencias de 1 movemento cada 3 segundos
  - En lombo con frecuencias de 1 movemento cada 6 segundos
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro (90°)
  - De ombro, con abdución, extensión e rotación interna combinadas
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión de pulso combinadas con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión e desviación combinadas con empuñadura



## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 31% |
| Ombro | 37% |
| Cóbado | 21% |
| Man-Pulso | 21% |
| Lombo | 24% |

## Factores biomecánicos de risco

- Repetitividade
  - En ombro, cóbado e man-pulso con frecuencias de case 1 movemento por segundo
- Posturas forzadas
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro
  - De ombro, con abdución, flexión e rotación interna
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital e radial, combinadas con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 42% |
| Ombro | 40% |
| Cóbado | 25% |
| Man-Pulso | 38% |
| Lombo | 46% |



## Factores biomecánicos de risco

- Repetitividade
  - En cóbado e ombro e man-pulso con frecuencias de case 1 movemento por segundo
- Posturas forzadas
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro
  - De ombro, con abdución, flexión alternada con extensión, e rotación interna combinadas
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación





## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 38% |
| Ombro | 37% |
| Cóbado | 18% |
| Man-Pulso | 22% |
| Lombo | 36% |

## Factores biomecánicos de risco

- Repetitividade — - En ombro, cóbado e man-pulso con frecuencias de case 1 movemento cada 2 segundos
- Posturas forzadas — - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro (de ata 95°)
  - De ombro, con flexión e abdución, combinadas con rotación interna
  - De lombo, con flexión e rotación

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 33% |
| Ombro | 32% |
| Cóbado | 13% |
| Man-Pulso | 17% |
| Lombo | 27% |



## Factores biomecánicos de risco

- Posturas forzadas
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro (de ata 100°)
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas
- Posturas estáticas
  - De pescozo e lombo en ciclos de ata 200 segundos



### Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 33% |
| Ombro | 20% |
| Cóbado | 14% |
| Man-Pulso | 16% |
| Lombo | 32% |

## Factores biomecánicos de risco

- Repetitividade — - En ombro con frecuencias superiores a 1 movemento cada 3 segundos
- Forza — - De ata 12 kg afectando a zona lumbar
- Posturas forzadas — - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 27% |
| Ombro | 24% |
| Cóbado | 16% |
| Man-Pulso | 17% |
| Lombo | 34% |



## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade** - En pescozo, ombro, cóbado, man-pulso, e lombo con frecuencias de 1 movemento cada 2 segundos
- **Forza** - De ata 8 kg afectando a pescozo, ombro, cóbado, man-pulso e a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión combinada con elevación de ombro
  - De ombro, con abdución combinada con flexión de ata 90°
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión de pulso combinando con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión combinada con desviación cubital e empuñadura
  - De lombo, con flexión



## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 35% |
| Ombro | 41 % |
| Cóbado | 30% |
| Man-Pulso | 32% |
| Lombo | 44% |

## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade** - En pescozo, ombro, cóbado, man-pulso, e lombo con frecuencias de case 1 movemento cada 2 segundos
- **Forza** - De ata 8 kg afectando a pescozo, ombro, cóbado, man-pulso e a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro
  - De ombro, con flexión, abdución e rotación externa
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión de pulso combinando con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 36% |
| Ombro | 41% |
| Cóbado | 27% |
| Man-Pulso | 31% |
| Lombo | 52% |



## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade**
  - En pescozo, ombro, cóbado, man-pulso, e lombo con frecuencias de ata 1 movemento cada 10 segundos
- **Forza**
  - De ata 8 kg afectando a pescozo, ombro, cóbado, man-pulso e a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación, combinadas con elevación de ombro
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión combinando con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas



## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 26% |
| Ombro | 34% |
| Cóbado | 30% |
| Man-Pulso | 29% |
| Lombo | 47% |

## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade** - En pescozo, ombro, cóbado, man-pulso, e lombo con frecuencias de 1 movemento cada 1,5 segundos
- **Forza** - De ata 8 kg afectando a pescozo, ombro, cóbado, man-pulso e a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación, combinadas con elevación de ombro
  - De ombro, con flexión, abdución e rotación externa
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión combinando con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital con empuñadura

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 31% |
| Ombro | 45% |
| Cóbado | 29% |
| Man-Pulso | 31% |
| Lombo | 46% |



## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade**
  - En pescozo, ombro, cóbado, man-pulso, e lombo con frecuencias de 1 movemento cada 2 segundos
- **Forza**
  - De ata 8 kg afectando principalmente a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación, combinadas con elevación de ombro
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión combinando con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas



## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 31% |
| Ombro | 27% |
| Cóbado | 24% |
| Man-Pulso | 27% |
| Lombo | 38% |

## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade**
  - En ombro, cóbado, man-pulso con frecuencias de 1 movemento cada 5 segundos
  - En pescozo e lombo, con frecuencias de 1 movemento cada 10 segundos
- **Forza**
  - De ata 8 kg afectando principalmente a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación, combinadas con elevación de ombro
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión de pulso combinando con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital combinadas con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 27% |
| Ombro | 33% |
| Cóbado | 27% |
| Man-Pulso | 29 % |
| Lombo | 49% |



## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade**
  - En ombro, cóbado, man-pulso con frecuencias de 1 movemento cada 10 segundos
  - En pescozo e lombo, con frecuencias de 1 movemento cada 20 segundos
- **Forza**
  - De ata 8 kg afectando a pescozo, ombro, cóbado, man-pulso e a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro
  - De cóbado, con prono-supinación e extensión de pulso combinando con empuñadura
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital combinadas con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas



## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 26% |
| Ombro | 34% |
| Cóbado | 30% |
| Man-Pulso | 29% |
| Lombo | 47% |

## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade**
  - En ombro, cóbado, man-pulso con frecuencias de 1 movemento cada 2,5 segundos
  - En pescozo con frecuencias de 1 movemento cada 5 segundos
  - En lombo, con frecuencias de case 1 movemento cada 3 segundos
- **Forza**
  - De ata 8 kg afectando principalmente a zona lumbar
- **Posturas forzadas**
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación, combinadas con elevación de ombro
  - De ombro, con flexión, abdución e rotación interna
  - De man-pulso, con extensión e desviación cubital combinadas con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 29% |
| Ombro | 35% |
| Cóbado | 20% |
| Man-Pulso | 22% |
| Lombo | 36% |



## Factores biomecánicos de risco

- Repetitividade
  - En ombro, cóbado, man-pulso con frecuencias superiores a 1 movemento cada 3 segundos
  - En pescozo e lombo, con frecuencias de 1 movemento cada 4 segundos
- Forza
  - De ata 12 kg afectando principalmente a zona lumbar
- Posturas forzadas
  - De pescozo, con flexo-extensión e rotación combinadas con elevación de ombro
  - De ombro, con abdución e flexión combinadas con rotación interna e externa alternadas
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas



## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 27% |
| Ombro | 28% |
| Cóbado | 16% |
| Man-Pulso | 17% |
| Lombo | 34% |

## Factores biomecánicos de risco

- **Repetitividade**
  - En ombro, cóbado, man-pulso e lombo con frecuencias de 1 movemento cada 10 segundos
  - En pescozo con frecuencias de 1 movemento cada 5 segundos
- **Posturas forzadas**
  - De cóbado, con prono-supinación combinando con empuñadura
- **Posturas estáticas**
  - De pescozo en ciclos de 4 segundos
  - De ombro en ciclos de 6 segundos
  - De cóbado e lombo en ciclos de 12 segundos
  - De man-pulso en ciclos de 48 segundos
- **Vibracións**
  - Afectando ao corpo enteiro

## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 46% |
| Ombro | 41% |
| Cóbado | 28% |
| Man-Pulso | 32% |
| Lombo | 62% |



## Factores biomecánicos de risco

- Repetitividade
  - En ombro, cóbado, man-pulso e lombo con frecuencias de 1 movemento cada 10 segundos
  - En pescozo con frecuencias de 1 movemento cada 5 segundos
- Posturas forzadas
  - De pescozo con rotación combinada con elevación de ombro
  - De cóbado, con prono-supinación combinando con empuñadura
  - De lombo, con flexión e rotación combinadas
- Posturas estáticas
  - De pescozo, ombro, cóbado, man-pulso e lombo en ciclos de 10 segundos
- Vibracións
  - Afectando ao corpo enteiro



## Niveis de risco de TME

| | |
|---|---|
| Pescozo | 57% |
| Ombro | 54% |
| Cóbado | 34% |
| Man-Pulso | 30% |
| Lombo | 78% |

# Taboa de tarefas e niveis de risco de TME

| Tarefa | | | Rexión corporais | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Pescozo | Ombro | Cóbado | Man-Pulso | Lombo |
| EXPLOTACIÓN DE LEITE | Muxir o gando | Muxir a man | 52 | 43 | 22 | 30 | 37 |
| | Facer a cama | Pasar unha pa para escorrer as bostas | 31 | 37 | 21 | 21 | 24 |
| | | Sacudir a malla para quitar as bostas secas | 42 | 40 | 25 | 38 | 46 |
| | | Acomodar e pasar o rastro por baixo a malla | 38 | 37 | 18 | 22 | 36 |
| | Alimentar | Retirar o sobrante do comedeiro | 33 | 32 | 13 | 17 | 27 |
| | | Descompactar o silo | 33 | 20 | 14 | 16 | 32 |
| | | Repartir o silo/silo de herba/herba coa galleta | 27 | 24 | 16 | 17 | 34 |
| EXPLOTACIÓN DE CARNE | Facer a cama | Retirar o esterco | 35 | 41 | 30 | 32 | 44 |
| | | Padexar o esterco | 36 | 41 | 27 | 31 | 52 |
| | | Carrexar o estrume á corte | 26 | 34 | 30 | 29 | 47 |
| | | Padexar o estrume | 31 | 45 | 29 | 31 | 46 |
| | | Acomodar o estrume | 31 | 27 | 24 | 27 | 38 |
| | Alimentar | Desfacer a paca de herba | 27 | 33 | 27 | 29 | 49 |
| | | Carrexar a herba ó comedeiro | 26 | 34 | 30 | 29 | 47 |
| | | Limpar ó redor e debaixo dos comedeiros | 29 | 35 | 20 | 22 | 36 |
| | | Repartir herba no comedeiro | 27 | 28 | 16 | 17 | 34 |
| CAMPO | Conducir tractor | Conducir o tractor mirando cara adiante | 46 | 41 | 28 | 32 | 62 |
| | | Conducir o tractor mirando cara atrás | 57 | 54 | 34 | 30 | 78 |

| Risco baixo | Risco moderado | Risco elevado | Risco extremo |
|---|---|---|---|
| 0-20% | 20-40% | 40-60% | >60% |

# Exercicios de quecemento



# Exercicios de quecemento de pescozo e ombros *Salvo contraindicación médica*



10 xiros á dereita
10 xiros á esquerda



20 seg á dereita
20 seg á esquerda



20 seg



20 seg



10 xiros cara adiante
10 xiros cara atrás



20 seg á dereita
20 seg á esquerda



20 seg



20 seg o dereito
20 seg o esquerdo

# Exercicios de quecemento de brazos e pernas

*Salvo contraindicación médica*



20 seg



20 seg



10 xiros
(as 2 mans)



20 seg



20 seg



10 xiros á dereita
10 xiros á esquerda



20 seg a dereita
20 seg a esquerda



20 seg a dereita
20 seg a esquerda

# Exercicios de quecemento lumbar

*Salvo contraindicación médica*



10 xiros á dereita
10 xiros á esquerda



10 xiros á dereita
10 xiros á esquerda



20 seg



20 seg á dereita
20 seg á esquerda



20 seg á dereita
20 seg á esquerda



20 seg



20 seg



20 seg a dereita
20 seg a esquerda

# Exercicios de acondicionamento



# Exercicios de acondicionamento (día 1)

*Salvo contraindicación médica*



3 series de 10 rep (con cada perna)



3 series de 10 rep



3 series de 10 seg



3 series de 10 rep (con cada perna)



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep (con cada brazo)

# Exercicios de acondicionamento (día 2) *Salvo contraindicación médica*



3 series de 10 rep (a cada lado)



3 series de 10 rep     3 series de 10 rep



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep (con cada brazo)

# Exercicios de acondicionamento (día 3) *Salvo contraindicación médica*



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep (con cada perna)



3 series de 10 rep



3 series de 10 rep (con cada brazo)



3 series de 10 rep (con cada brazo)

# Cóidate,
# non esquezas



# Cóidate, non esquezas

1. Facer rutinas de quecemento e estiramento de  pescozo, ombros, brazos, pernas e lombo, antes do inicio da xornada.

2. Realizar pausas de polo menos 10 minutos cada 2 horas para descansar, e facer sempre que sexa posible estiramentos de pescozo, ombros, brazos, pernas e o lombo.

3. Empregar ferramentas lixeiras e con empuñadura ergonómica (para reducir os esforzos de manipulación), e incoporar asentos con amortecemento nos tractores (para protexer a espalda das vibracións).

4. Nas tarefas con ferramentas, manter o lombo recto, cas pernas flexionadas (para trasladarlles a carga) e os pes separados (para obter un maior equilibrio e seguridade).

5. Nas tarefas de manipulación de cargas con ferramentas realizar movementos suaves, e procurar recoller pouca carga (sempre é mellor facer o dobre de repeticións coa metade de carga).

6. Manexar as ferramentas coas dúas mans, empregando luvas ben axustadas, mantendo os pulsos rectos, e agarrando totalmente o mango (superpoñendo os dedos polgar e índice).

7. Manter unha alimentación equilibrada, e evitar os hábitos pouco saudables (alcohol, tabaco, etc.).

8. Realizar bos descansos fóra do traballo. Durmir ben é fundamental para que o corpo se recupere e evitar lesións.

9. Acondicionar o corpo polo menos 3 días á semana: traballar a elasticidade, practicar pilates ou facer exercicios de fortalecemento muscular.

10. Ao longo da xornada, tentar espaciar o máximo posible no tempo as tarefas que presentan un maior risco de TME.




Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral
galicia
GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE
XUNTA
DE GALICIA